

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A).

De conformidade co establecido no Decreto 65/2007, do 12 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, esta consellería, no uso das competencias que lle atribúe a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Convocar proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, con suxeición ás seguintes:

Bases da convocatoria.

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de vinte e sete (27) prazas do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, dentro do sistema de acceso libre, polo procedemento de oposición.

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e dun curso selectivo.

O corpo superior, de conformidade coa disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, é equivalente ao subgrupo A1.

I.1.1. De conformidade coa disposición adicional sétima da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e co Decreto 65/2007, do 12 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, do total de prazas reservaranse dúas (2) para seren cubertas por persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

No suposto de que as prazas cubertas por persoas con discapacidade acaden a taxa do 3% das prazas convocadas, as prazas non cubertas pasarán a integrarse ás restantes prazas de acceso xeral.

No suposto de que as ditas prazas cubertas non acadasen a taxa do 3% das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do 7% da oferta seguinte, cun límite máximo do 12%.

Así mesmo, no suposto de que algún aspirante con minusvalidez que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación for superior á obtida por outros aspirantes do sistema

de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

I.1.2. A este proceso selectivo seralle aplicable a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario os seguintes requisitos:

I.2.1. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.2. Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título universitario de grao ou equivalente.

Ata tanto non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, seguen sendo válidos os títulos universitarios de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, de conformidade co establecido no punto primeiro da disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

I.2.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psí-

quica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.5. **Habilitación:** non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

I.2.6. Ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

I.3. Solicitudes.

I.3.1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán facelo constar mediante instancia que se axustará ao modelo que se publica como anexo III desta convocatoria. Xunto coa instancia presentárase o xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

De conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia como requisito necesario para participar no proceso selectivo deberase aboar previamente, en concepto de dereitos de exame o importe da taxa que estea vixente no momento de presentación da solicitude, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para o ingreso da taxa empregárase o impreso de autoliquidación sinalado no anexo IV, no que aparece o seu importe. O dito impreso facilitaráselles aos interesados no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións provinciais e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia, debendo cubrirense cos códigos que figuran no referido anexo IV.

Estarán exentos do pagamento das taxas por dereitos de inscrición logo da xustificación documental, de acordo co sinalado no artigo 23.5º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, as persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33%, e as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial (no caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%). A acreditación deste dereito, debidamente cotexada, presentárase xunto coa instancia.

A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen o selo da entidade bancaria con indicación da data determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a subs-

titución da presentación en tempo e forma da solicitude.

Poderase tamén realizar o pagamento da taxa pola internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da oficina virtual na páxina web da Consellería de Economía e Facenda (www.economiaefacenda.org) e premer a ligazón «tributos» do menú da marxe esquerda, accedendo a «tributos propios», «oficina virtual» e «taxas, prezos, multas e sancións». Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimiráse o xustificante de ter aboadado a taxa, que será o que se presente xunto coa instancia. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude.

O importe aboadado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, só aos aspirantes excluídos que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución definitiva da Dirección Xeral da Función Pública a que fai referencia o punto terceiro da base I.4.2.

I.3.2. A presentación de solicitudes farase nas oficinas do rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e dirixiranse ao titular da Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

As solicitudes subscritas no estranxeiro poderanse cursar, no prazo expresado no parágrafo anterior, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico, no número 902 12 00 12, das 9.00 ás 19.00 horas de luns a venres e das 9.00 ás 14.00 horas os sábados.

I.3.3. Os aspirantes, cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, a que se refire a base I.2.7, deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente. Así mesmo, deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, todo isto conforme o contido na Lei 13/1982, do 7 de abril, e no Decreto 65/2007, do 12 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, o titular da Dirección Xeral da Función Pública

ditará resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como oportunamente nos lugares determinados pola normativa vixente. Nesta resolución declararanse aprobadas as listaxes provisorias de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión e indicarase o lugar en que se atoparán expostas. Nestas listaxes deberán constar, en todo caso, os apelidos, o nome e o número de documento nacional de identidade. Estas listaxes aparecerán na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

I.4.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos. Estas listaxes aparecerán na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Unha vez transcorrido o dito prazo, a Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º do mesmo texto legal.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

II. Proceso selectivo.

II.1. Fase de oposición.

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo II desta convocatoria. Para estes efectos, teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que no momento da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente

II.1.1. Exercicios:

II.1.1.1. Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de cento vinte (120) preguntas tipo test, máis tres (3) de reserva con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a

correcta, correspondentes ao contido dos textos de dereito positivo que se relacionan no anexo I.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de dúas (2) horas.

De conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega.

Cada opositor poderá obter copia do exercicio realizado ao seu remate. No prazo das vinte e catro horas seguintes ao da celebración, farase público no lugar de realización do exercicio o modelo do test, indicando as respostas correctas. Esta información estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas descontarase unha correcta.

Con posterioridade á realización do exercicio, publicarase na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) o cuestionario no que consistía o exercicio.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, e concederase un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta días desde a constitución do tribunal que xulga as probas. A data de realización deste exercicio non será anterior ao 1 de maio de 2008.

O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados. O tribunal excluírá aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

II.1.1.2. Segundo exercicio, de carácter eliminatorio: os aspirantes deberán realizar por escrito un suposto práctico de desenvolvemento, que deberá versar como mínimo sobre as materias de procedemento administrativo, contratación administrativa, xestión de persoal e xestión económica, correspondentes aos temas do programa que figura como anexo II desta convocatoria. Para o desenvolvemento deste exercicio os aspirantes poderán servirse de textos legais sen comentarios, excluíndose os libros de consulta.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de tres (3) horas.

Posteriormente os aspirantes serán convocados oportunamente para a lectura do seu exercicio en sesión pública ante o tribunal, que o cualificará valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición. No desenvolvemento da lectura, o tribunal poderá realizar preguntas ao aspirante en relación co seu exercicio.

Cada membro do tribunal disporá de copias fotoestáticas dos exercicios para cotexar a lectura efectuada polo aspirante.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar a puntuación mínima.

Con posterioridade á realización do exercicio, publicarase na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) o suposto práctico no que consistía o exercicio.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, e concederase un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

II.1.1.3. Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio: os aspirantes deberán desenvolver por escrito tres (3) temas, a elixir entre seis (6) obtidos mediante sorteo polo tribunal de entre os que forman o contido do programa que figura como anexo II desta orde, do seguinte xeito:

-Un (1) tema da parte xeral, a elixir entre dous (2) obtidos por sorteo.

-Un (1) tema da primeira parte da parte específica da opción correspondente, a elixir entre dous (2) obtidos por sorteo.

-Un (1) tema da segunda parte da parte específica da opción correspondente, a elixir entre dous (2) obtidos por sorteo.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de catro (4) horas.

Posteriormente os aspirantes serán convocados oportunamente para a lectura do seu exercicio en sesión pública ante o tribunal, que o cualificará valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición. No desenvolvemento da lectura, o tribunal poderá realizar preguntas ao aspirante en relación co seu exercicio.

Cada membro do tribunal disporá de copias fotoestáticas dos exercicios para cotexar a lectura efectuada polo aspirante.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar a puntuación mínima.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, e concederase un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

Unha vez publicadas as puntuacións deste exercicio, abrírase un prazo de dez días hábiles para que os aspirantes que superen este exercicio, presenten o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007), para os efectos da exención prevista no cuarto exercicio. Esta documentación presentarse nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.1.1.4. Cuarto exercicio, de carácter eliminatorio:

Constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dándose un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados. O tribunal excluírá aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

Estarán exentos da realización do cuarto exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007).

II.1.2. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Ademais, para realizar os exercicios tipo test, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar.

II.1.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e os colaboradores designados por este, excepto a exposición do segundo e terceiro exercicio, que se realizará en sesión pública.

II.1.4. Desenvolvemento dos exercicios:

II.1.4.1. A orde de actuación dos opositores iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra «D», de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 12 de febreiro de 2007, pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na resolución da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 5 de febreiro de 2007 (DOG nº 28, do 8 de febreiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente ao ano 2007.

II.1.4.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

II.1.4.3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído da oposición quen non compareza.

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de par-

to, ou eventualmente primeiros días do puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames previstos nas probas selectivas, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo cunha antelación de dous días hábiles antes da data de comezo de realización do exame. A citada notificación leva consigo o consentemento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente.

II.1.4.4. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), con corenta e oito horas, polo menos, de anticipación á sinalada para a súa iniciación.

II.1.4.5. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, comunicarlle isto á Dirección Xeral da Función Pública, para os efectos de que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que o/a opositor/a non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública ditará proposta da súa exclusión do proceso selectivo, e o órgano competente ditará a resolución correspondente. Contra a resolución do dito órgano poderán interpoñerse os recursos administrativos ou reclamacións que procedan.

II.1.4.6. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que os interesados poidan presentar nos tres días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra tal acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.1.4.7. A puntuación da fase de oposición será a resultante da suma das obtidas nos distintos exercicios que a integran.

II.2. Fase de curso selectivo.

Todos os aspirantes que superen os exercicios da oposición deberán superar, como requisito indispensable para obter o seu nomeamento como funcionarios de carreira, un curso selectivo, que organizará e

impartirá a Escola Galega de Administración Pública. O dito curso versará sobre materias do programa.

O curso valorarase coa cualificación de apto ou non apto.

O tribunal á vista da proposta motivada que lle formule o director do curso, declarará apto ou non apto aos distintos aspirantes.

O curso terá unha duración de dous (2) meses, cun horario de mañá e tarde. Na xornada de mañá impartiranse clases prácticas e na de tarde práctico-teóricas.

Os aspirantes que participen neste curso serán nomeados funcionarios en prácticas coa situación xurídica prevista nos artigos 16 e 17 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, e demais disposicións de aplicación.

As características concretas de desenvolvemento do curso selectivo determinaranse oportunamente mediante unha norma específica.

II.3. A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios que integran a fase de oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxera o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira. Para os efectos previstos neste apartado, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos aos que se refire a base IV.4. (os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2., non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial).

II.4. Unha vez rematado o curso selectivo e ata que se proceda ao seu nomeamento como funcionarios de carreira, os aspirantes continuarán prestando servizos como funcionarios en prácticas na mesma consellería na que realizaron a parte práctica do curso selectivo, e coa xornada ordinaria de traballo.

III. Tribunais.

III.1. Os tribunais cualificadores do proceso serán designados por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 7 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta o previsto polo artigo 36 da Lei 7/2004, do 16

de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

III.2. Ademais dos tribunais que se designen na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderán nomearse máis tribunais para vulgar o proceso, por proposta do tribunal número 1, cando polo número de aspirantes isto fose necesario.

A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomeen os novos tribunais, de ser o caso.

III.3. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándolle á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e, igualmente, se colaborasen durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén cumprimentada polos asesores especialistas previstos na base III.12 e polo persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nesta base, conforme o artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.4. A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomeen os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base III.3.

III.5. Logo da convocatoria do presidente do tribunal número 1, constituiranse os tribunais en sesión conxunta. Tal constitución entenderase válida coa presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A celebración da sesión de constitución terá lugar no prazo máximo de quince días a partir da publicación dos tribunais.

Na dita sesión, os tribunais, baixo a dirección e coordinación do tribunal número 1, adoptarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

III.6. A partir da sesión de constitución, cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

III.7. O procedemento de actuación dos tribunais axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.8. No caso de que se nomeen varios tribunais, a cada tribunal corresponderalle xulgar un número determinado de aspirantes que estarán comprendidos entre as letras do abecedario correspondentes aos apelidos dos opositores que se lles asignasen.

III.9. Corresponderalle ao tribunal nomeado co número un:

-Cursar de orde do seu presidente citación ao resto dos tribunais para constituírse nun acto conxunto.

-Darlle publicidade, a través dos anuncios correspondentes, ao lugar, data e hora de realización dos exercicios.

-Recibir os expedientes dos demais tribunais relativos ao transcurso das probas e respectivas propostas, e elevar a relación de aprobados ao titular da Dirección Xeral da Función Pública.

III.10. Co obxecto de acadar a necesaria coordinación entre os tribunais cualificadores, todos actuarán conxuntamente baixo a dirección do número 1, que resolverá cantas consultas, interpretacións e criterios de valoración e de unificación se poidan presentar e solicitar polos restantes tribunais sobre as normas da convocatoria.

Os tribunais cualificadores actuarán coordinadamente procurando a maior uniformidade nos criterios valorativos dos exercicios, sen prexuízo de que funcionarán con autonomía no que se refire á selección dos aspirantes, formulando as súas propias propostas.

III.11. Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizárase coa sinatura do secretario e co visto e prace do presidente.

III.12. Cada tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que estime pertinente, limitándose os ditos asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. O nomeamento de tales asesores corresponderalle á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

III.13. Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacida-

des que o soliciten na forma prevista na base I.3.3., as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Se na súa realización se lle suscitasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo a que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

III.14. O presidente de cada tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

Os tribunais excluirán aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

III.15. Os tribunais que actúen no proceso selectivo terán a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

O número máximo de sesións de cada un dos tribunais será fixado por resolución da Dirección Xeral da Función Pública, podendo só ampliarse o número delas, con base na causa xustificada, pola dita dirección xeral.

III.16. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Para estes efectos, terase en conta o disposto na base II.3.

III.17. As comunicacións que formulen os aspirantes aos tribunais dirixiranse á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano. Santiago de Compostela).

IV. Listaxe de aprobados, presentación de documentación e nomeamento de funcionarios.

IV.1. A cualificación da oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios que integran a dita fase.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e, se se mantén o empate, acudirase á puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva. De persistir o empate, tendo en conta o artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e dado que existe infrarrepresentación feminina neste corpo, o empate resolverase a favor da muller. No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres, resolverase pola orde alfabética a que se refire a base II.1.4.1.

Cada tribunal resolverá os empates que se produzan relativos aos aspirantes que lles correspondan. No

caso de que unha vez elevadas as distintas propostas ao tribunal número 1, se produzan novos empates, estes serán resolto polo dito tribunal, de acordo cos criterios expresados no parágrafo anterior.

IV.2. Rematado o proceso selectivo, o tribunal nº 1 publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, e elevará a dita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento. Con carácter excepcional, poderase renunciar á participación no proceso selectivo ata a data en que o tribunal eleve ao titular da Dirección Xeral da Función Pública a relación de aprobados.

A partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de aprobados, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais para a presentación dos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do título exixido na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público, segundo o modelo que figura como anexo V a esta convocatoria

c) Certificado médico oficial no que se acrediten os requisitos relativos á capacidade funcional.

d) Os aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% que superen a oposición deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, de ser o caso, da Administración correspondente.

Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade co desempeño das correspondentes funcións.

IV.3. Os que tiveran a condición de funcionarios de carreira da Administración da Xunta de Galicia estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certifi-

cación do servizo de persoal da consellería ou organismo do que dependeran para acreditar tal condición, así como a data do seu cumprimento.

IV.4. Os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2., non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.5. Rematados os exercicios da oposición e unha vez cumpridos os requisitos exixidos con anterioridade, os aspirantes que superasen esta fase serán nomeados funcionarios en prácticas mediante orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo coa puntuación obtida nos exercicios da oposición. O nomeamento terá efectos desde a data do inicio do curso selectivo.

IV.6. Unha vez rematado o curso selectivo, o tribunal fará públicos os resultados obtidos nel e a orde de prelación dos aspirantes de acordo coa puntuación obtida nos exercicios da oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

IV.7 A petición de destinos por parte dos funcionarios en prácticas que superen o curso selectivo realizarase, logo da oferta correspondente, e unha vez rematado o proceso selectivo

IV.8. A adxudicación das prazas aos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa orde de prelación sinalada na base IV.6.

IV.9 Rematado o proceso selectivo, os aspirantes que o superasen serán nomeados funcionarios de carreira mediante orde do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, na que se indicará o destino adxudicado de acordo coa puntuación obtida.

IV.10. A toma de posesión dos aspirantes aprobados efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade coas disposicións previstas na Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e demais normas concordantes.

V. Disposición derradeira.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2º da Lei 29/1998,

do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

-Constitución española, do 27 de decembro de 1978.

-Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

-Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.

-Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

-Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno.

-Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

-Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-Real decreto 429/1993, do 26 de marzo. Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

-Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto. Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

-Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

-A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

-Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

-Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

-Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

-Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

-Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

-Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

-Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

-Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

-Tratado constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada). Diario Oficial nº C325, do 24 de decembro de 2002.

-Tratado da Unión Europea (Tratado de Maastricht) (Versión consolidada). Diario Oficial nº C325, do 24 de decembro de 2002.

-Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

-Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia.

-Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e do seu presidente.

-Regulamento do Parlamento de Galicia, do 1 de setembro de 1983.

-Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

-Lei 6/1984, do 5 de xuño, do valedor do Pobo de Galicia.

-Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia.

Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

-Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da comunidade autónoma galega.

-Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

-Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

-Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

-IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (capítulos I ao XIII).

-Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

-Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

ANEXO II

Programa que rexerá as probas selectivas para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A)

Parte común.

I. Dereito constitucional e autonómico.

1. Concepto de Constitución. A Constitución como norma xurídica. Liñas fundamentais do constitucionalismo español.

2. A Constitución española de 1978. Os principios constitucionais. O Estado español como estado social e democrático de dereito. A reforma constitucional.

3. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais da Constitución española. Dereitos e deberes dos cidadáns.

4. Garantías e tutela dos dereitos e liberdades. A súa suspensión. Principios rectores da política social e económica. A participación social na actividade do Estado.

5. A Coroa. Sucesión e Rexencia. As atribucións de El-Rei.

6. As Cortes Xerais. O Congreso dos Deputados e o Senado. Composición e funcións. O control parlamentario do Goberno en España.

7. Procedemento de elaboración e aprobación das leis. Órganos de control da Administración: o Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo. A Administración consultiva: O Consello do Estado.

8. O Tribunal constitucional. Organización. Orzamentos materiais e procedementos dos recursos ante o tribunal.

9. A regulación constitucional da xustiza. O poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial: organización e competencias. O Tribunal Supremo. Os tribunais superiores de Xustiza. O Ministerio Fiscal.

10. O Goberno. A súa composición. Nomeamento e cesamento. As funcións do Goberno. O presidente do Goberno. Os ministros. A Administración pública: concepto. Principios constitucionais informadores. Goberno e Administración: control dos actos políticos.

11. A Administración xeral do Estado. A súa organización: a Lei 6/1997, do 14 de abril. Órganos superiores e órganos directivos. A Administración periférica do Estado. Os delegados e os subdelegados do Goberno nas comunidades autónomas.

12. As administracións locais: a posición constitucional dos municipios e provincias. Distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas sobre Administración local.

13. A Administración institucional. Os organismos públicos. Os organismos autónomos. As entidades públicas empresariais. As axencias. Administración corporativa. Colexios profesionais e cámaras.

14. A distribución territorial do poder do Estado: análise histórica e evolución. Os diversos modelos existentes. O Estado das autonomías. Precedentes histórico-constitucionais. A súa regulación na Constitución.

15. A autonomía política. Principios xerais: xurisprudencia constitucional. Vías de acceso á autonomía. Os estatutos de autonomía: contido. Procedemento de elaboración e reforma dos estatutos.

16. A autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido.

17. Bases fundamentais da autonomía galega: o territorio. Os símbolos. A lingua e a cultura galegas. O recoñecemento da galegitude. A condición de galego. Os dereitos dos cidadáns galegos: garantías. Os dereitos lingüísticos dos cidadáns galegos: a Administración pública como garantía destes. A xurisprudencia do Tribunal Constitucional sobre as linguas oficiais.

18. Organización política das comunidades autónomas. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede. A Administración de Xustiza en Galicia.

19. O Goberno da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Consello Consultivo.

20. O Parlamento de Galicia. Sistema electoral. Funcións do Parlamento. O control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

21. Competencias das comunidades autónomas. As transferencias de competencias do Estado ás comunidades autónomas. Reserva de competencias estatais: normativa básica. Leis de harmonización.

22. As administracións públicas das comunidades autónomas: bases do réxime xurídico das administracións públicas. A Administración pública galega. A Administración central. As consellerías organización e estrutura. A Administración periférica da comunidade autónoma. As delegacións de Galicia no exterior.

23. A Administración institucional na Comunidade Autónoma galega. As corporacións de dereito público de Galicia. As fundacións de interese galego.

24. As relacións entre administracións públicas. As relacións entre o Estado e as comunidades autónomas: os mecanismos de cooperación e coordinación. O control sobre a actividade das comunidades.

II. Teoría xeral do dereito e dereito civil.

25. As fontes de dereito: teoría xeral e regulación no Código civil. Especialidades do sistema de fontes de dereito no ámbito de dereito administrativo.

26. O dereito obxectivo. Interpretación, aplicación e eficacia das normas. Dereitos e facultades. O dereito subxectivo. A relación xurídica.

27. A persoa como suxeito do dereito. A personalidade xurídica. Persoas físicas: adquisición e perda da personalidade. Capacidade de obrar. As persoas xurídicas.

28. Teoría xeral do negocio xurídico. Estudo especial do contrato, elementos dos contratos: consentimento, obxecto e causa; a forma dos contratos.

29. Os dereitos reais. O dereito de propiedade. Os dereitos reais limitados e de garantía. A posesión.

30. Rexistro da propiedade. Títulos inscribibles. Clases de asentos. A Administración e o Rexistro da propiedade.

31. O Dereito civil galego. A Lei de dereito civil de Galicia. Principais institucións do dereito civil galego.

III. Dereito administrativo.

32. A lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de lei: decretos-leis e decretos legislativos.

33. O regulamento: clases. Fundamento e límites da potestade regulamentaria. Regulamentos ilegais: a súa impugnación. Regulamentos dos órganos constitucionais.

34. O ordenamento xurídico de Galicia: leis de Galicia. Decretos legislativos. Regulamentos. O réxime xurídico do exercicio das competencias autonómicas. Aplicación do dereito galego. As cláusulas constitucionais de supletoriedade e prevalencia.

35. A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos da relación xurídico-administrativa: as administracións públicas. O administrado. A súa capacidade xurídica e de obrar. As situacións xurídicas do administrado en xeral. Situacións xurídicas de carácter activo: potestades do administrado. Situacións xurídicas pasivas: situación de suxeición e deber do administrado.

36. Os dereitos dos cidadáns na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

37. O principio de legalidade da Administración: a súa construción técnica. As potestades administrativas: concepto. A atribución de potestades. Potestades regradas e potestades discrecionais. O control da discrecionalidade: en especial, o control do fin e a desviación de poder. O principio de autotutela.

38. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: ámbito de aplicación. Principios informadores.

39. Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Especial referencia ao silencio administrativo.

40. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto administrativo: suxeito, obxecto, causa, fin e forma. Notificación e publicación dos actos administrativos.

41. A eficacia do acto administrativo: principios xerais. Executividade e suspensión. Procedementos de execución.

42. Os recursos administrativos: concepto e clases. Requisitos xerais. Materia recorrible, lexitimación e órgano competente. Recurso de alzada, de reposición e de revisión. As reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais.

43. Nulidade de pleno dereito e anulabilidade dos actos administrativos. Revogación e revisión de oficio dos actos administrativos nulos e anulables: casos en que procede. Procedemento. A impugnación xurisdiccional de actos pola propia Administración: a declaración de lesividade.

44. A xurisdición contencioso-administrativa: concepto e natureza. Capacidade procesual, lexitimación, representación e defensa. Actos impugnables. O recurso contencioso-administrativo: procedemento xeral.

45. Recursos de súplica, apelación, casación e revisión. Execución de sentenzas. Os procesos especiais: clases; especial referencia aos procesos en materia electoral e para a protección dos dereitos fundamentais.

46. Os órganos da Administración pública. Orixe e contido. Estrutura. Tipos de órganos. Centralización e descentralización. Clases de descentralización. A desconcentración. Mecanismos de cooperación, coordinación e control entre as administracións públicas.

47. As Administracións locais. O municipio. Poboación municipal, organización e competencias. Eleccións municipais.

48. A provincia: organización e competencias. Outras entidades locais. Especial referencia á comarca e á parroquia.

49. Os contratos administrativos, segundo a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público: natureza, caracteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. Formas de adjudicación dos contratos.

50. Contido e efectos dos contratos administrativos: prerrogativas da Administración e equilibrio financeiro. Cumprimento dos contratos administrativos. Risco e ventura e forza maior na contratación administrativa. Revisión de prezos. Resolución, rescisión e renuncia.

51. A responsabilidade patrimonial da Administración. Características da institución no sistema español. Lesión determinante, suxeitos imputables e cau-

sas de imputación. A extensión da reparación. A acción de responsabilidade.

52. As propiedades administrativas en xeral. Clases. Os bens patrimoniais da Administración. O dominio público: concepto, natureza xurídica e elementos (suxeitos, obxecto e destino).

53. Función pública e burocracia. A relación de servizo entre a Administración e os empregados públicos: réxime estatutario e dereito laboral. O Estatuto básico do empregado público. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Dereitos, deberes e código de conduta dos empregados públicos. Ordenación da actividade profesional: planificación de recursos humanos e estruturación do emprego público. Réxime disciplinario.

54. A función pública galega: bases do seu réxime xurídico. A xestión do persoal ao servizo da Xunta de Galicia. Sistemas de acceso. Provisión de postos de traballo.

55. Promoción. A carreira administrativa. Situacións administrativas dos funcionarios. Réxime de incompatibilidades. Extinción da relación funcional.

56. Persoal laboral. O IV Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (capítulos I ao XIII).

IV. Unión europea, economía e orzamentos.

57. A Constitución e a acción exterior do Estado. Os tratados internacionais. As comunidades autónomas e a acción exterior do Estado.

58. As comunidades europeas. Natureza, obxectivos e fins. Nacemento e fases da súa evolución. Os tratados orixinarios e de modificación.

59. Fontes do dereito comunitario. Tipoloxía, características e efectos. A integración do dereito comunitario en España.

60. As institucións comunitarias e o seu funcionamento: O Consello, a Comisión e o Parlamento.

61. O Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Contas. O Comité Económico e Social. O Comité das Rexións. O sistema de bancos europeos. O Banco Europeo de Investimentos.

62. As competencias da comunidade. O marco de atribucións concedidas polos tratados. O desenvolvemento das competencias comunitarias. As relacións entre a competencia comunitaria e a competencia nacional. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio.

63. A libre circulación de mercadorías e a política comercial común. A libre circulación de traballadores e política social. A Liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos. A libre circulación de capitais.

64. A política rexional da Unión Europea. Os fondos estruturais. A cohesión económica e social.

65. Política agrícola e pesqueira. Outras políticas comúns.

66. Os orzamentos do sector público en España. O gasto público: evolución e distribución actual. O seu financiamento. O déficit público.

67. O sistema fiscal español. Estrutura actual. Os ingresos públicos: Concepto e clasificación. O sistema tributario español: réxime actual. Taxas e prezos públicos.

68. O sistema financeiro español. Estrutura. Evolución recente. A política monetaria na Zona Euro. O Banco de España, o Banco Central Europeo e o Sistema Europeo de Bancos Centrais.

69. O financiamento das CC.AA. Principios e recursos financeiros. Tributos propios e cedidos. A correspondente fiscal.

70. O modelo económico español no marco da economía mundial. O sector primario. O sector industrial. O sector servizos. A estrutura económica de Galicia, sectores productivos e relacións intersectoriais.

71. O mercado de traballo en España. A evolución do emprego. Poboación activa, ocupación e paro.

72. O sistema educativo. Estrutura e características xerais. Financiamento. A reforma do sistema educativo.

73. O sistema sanitario. Estrutura e características xerais. Financiamento. Relacións co sistema de seguridade social.

74. A Lei xeral orzamentaria e as leis anuais de orzamentos. Estrutura e contido da Lei xeral orzamentaria.

75. O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A facenda da comunidade.

76. O orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia: concepto e natureza. Contido. Estrutura. Elaboración. Aprobación. As leis anuais de orzamentos.

77. Modificacións orzamentarias. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos. Transferencias. Outras modificacións orzamentarias.

78. O procedemento de execución orzamentaria. Fases.

79. O control orzamentario. O concepto. Natureza e ámbito de aplicación. Clases. O Consello de Contas.

Opción xurídica.

I. Dereito autonómico.

1. A posición xurídico-constitucional do Estatuto de autonomía: o Estatuto no sistema constitucional; o Estatuto como norma autonómica e como norma do Estado; o Estatuto como norma subordinada á Consti-

tución, posición do Estatuto respecto ás demais normas do Estado e da comunidade autónoma.

2. A interpretación do Estatuto. A súa reforma; a rixidez estatutaria; as súas garantías. Os supostos de reforma; os seus respectivos procedementos.

3. As competencias da Xunta de Galicia: a reserva de competencias ao Estado do artigo 149. A atribución estatutaria de competencias; a cláusula de cerre do artigo 149.3º. Os límites xerais das competencias; a súa efectividade.

4. As competencias exclusivas: a súa relativización. As competencias normativas: as leis da comunidade autónoma; o seu rango e posición constitucional. O principio de competencia nas relacións entre o ordenamento estatal e autonómico.

5. A concorrencia normativa entre o Estado e a Comunidade Autónoma. Normativa básica e normativa de desenvolvemento: elementos formais e materiais no concepto de lexislación básica; estrutura da normativa básica; a relación bases-desenvolvemento; o problema de rango das dúas normativas.

6. A execución autonómica da lexislación do Estado: significación desta fórmula; extensión da competencia do Estado; atribucións da comunidade autónoma. A coordinación entre as dúas ordes.

7. A modificación extraestatutaria de competencias: a lei marco; a lei orgánica de delegación; a lei de harmonización. As cláusulas constitucionais de prevalencia e supletoriedade.

8. A colaboración entre o Estado e a comunidade autónoma: o seu desenvolvemento na doutrina do Tribunal Constitucional. Os elementos de colaboración; en especial, as conferencias sectoriais e os convenios de colaboración. O control da actividade da comunidade autónoma.

9. Conflitos constitucionais entre órganos do Estado. Conflitos coas comunidades autónomas. Impugnación de disposicións e resolucións das comunidades autónomas.

10. Ambiente e protección civil. Produción forestal. Os montes veciñais en man común. Aproveitamentos forestais. Caza.

11. Administración territorial: organización territorial. Réxime local. Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o desenvolvemento comarcal.

12. Xustiza e interior: policía autonómica. Bases do réxime de xogos e apostas. Cooperativas.

13. Ordenación do territorio. Solo e ordenación urbana. Vivenda.

14. Obras públicas. Estradas. Transportes. Obras hidráulicas. Portos.

15. Agricultura. Estruturas agrarias. Arrendamentos rústicos. Concentración parcelaria. Desenvolvemento rural. Gandaría. Vías pecuarias.

16. Industrias agrarias. Produción e comercialización agropecuaria.

17. Pesca, marisqueo e acuicultura: ordenación xurídica e réxime das sancións.

18. Industria e enerxía. Minas.

19. Comercio interior. Comercio exterior. Defensa da competencia. Disciplina do mercado.

20. Consumo. O Estatuto galego do consumidor e usuario.

21. Educación non universitaria.

22. Universidades e investigación.

23. Saúde pública. Sanidade interior. Seguridade Social.

24. Traballo e emprego. Familia, infancia e adolescencia.

25. Cultura. Patrimonio histórico e documental. Deportes.

26. Medios de comunicación social. Turismo. Tempo libre.

27. Administración financeira. As caixas de aforro de Galicia. Administración económica. A Planificación da actividade económica. O sector público da economía galega.

II. Administrativo e laboral.

28. Funcionamento das entidades locais. Potestade regulamentaria das organizacións locais. Réxime xurídico e impugnación de acordos.

29. Os bens das entidades locais. As facendas locais.

30. Potestades administrativas. A potestade organizatoria: límites e principios xerais. Os órganos administrativos. Creación. Competencias. A dislocación competencial. Os órganos colexiados: réxime de funcionamento. Conflitos de competencias.

31. A potestade expropiatoria: a expropiación forzosa. A súa xustificación e natureza. Suxeitos e obxecto da potestade expropiatoria. A causa expropriandi. O contido da expropiación.

32. O procedemento expropiatorio en xeral. Determinación e pagamento do prezo xusto. A reversión do ben expropiado. Expropiacións especiais. Garantías xurisdiccionais.

33. A potestade sancionadora da Administración. Principios. O procedemento sancionador.

34. Outras potestades da Administración. A potestade financeira e tributaria. A potestade de programación e planificación. As potestades arbitrais.

35. Os dereitos subxectivos do administrado. Os dereitos fundamentais como dereitos subxectivos. O dereito a obter prestacións dos servizos públicos. A participación dos administrados nas funcións públicas. Actos xurídicos do administrado.

36. A incidencia da acción administrativa sobre as situacións xurídicas do administrado. Creación e ampliación de situacións activas e favorables: o acto administrativo como título. Creación e ampliación de

situacións pasivas: operacións de gravame. As concesións e autorizacións administrativas. A delimitación administrativa de dereitos privados.

37. A revisión de oficio dos actos administrativos nulos e anulables: casos en que procede. Procedemento. A revogación de actos. A impugnación xurisdiccional de actos pola propia Administración: a declaración de lesividade.

38. O procedemento económico-administrativo: a súa natureza. Órganos competentes. Interesados. Actos impugnables. Tramitación en primeira ou única instancia. Procedementos especiais. Recurso de alzada e recurso de revisión.

39. A Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. O dominio público: clasificacións. Afectación, desafectación e mutacións demaniais. Réxime xurídico do dominio público: inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade.

40. Augas terrestres. O dominio público hidráulico. Competencias da Xunta de Galicia. Utilización de dominio público hidráulico.

41. Responsabilidade civil, penal e administrativa dos funcionarios públicos. Réxime disciplinario.

42. Delitos dos funcionarios públicos no exercicio dos seus cargos.

43. Seguridade e hixiene no traballo. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Actuacións das administracións públicas: competencias. Dereitos e obrigas dos traballadores e empresarios en materia de prevención. Os servizos de prevención de riscos. Participación dos traballadores.

44. O dereito do traballo. A súa especialidade e caracteres. As fontes do dereito do traballo. O principio de xerarquía normativa. Os convenios colectivos de traballo: concepto e natureza. Réxime xurídico. Partes. Procedemento. Contido.

45. O contrato de traballo. Concepto. Natureza. Suxeitos. Forma. Contido e réxime xurídico.

46. Modalidades do contrato de traballo. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

47. Réxime de representación de persoal. Órganos de representación.

48. A Seguridade Social en España. Antecedentes lexislativos e doutrinarios. Caracteres xerais do sistema español. Réxime xeral e réximes especiais. O modelo de seguridade social na Constitución. Réxime xeral. Afiliación. Altas e baixas: procedemento e efectos. Cotización: concepto e natureza xurídica da cota. Continxencias e situacións protexidas.

49. A acción protectora da Seguridade Social. Prestacións: incapacidade temporal, invalidez, xubilación, morte e supervivencia. A protección por desemprego. A protección á familia. A asistencia sanitaria.

Opción económica.

I. Teoría, política económica e facenda pública.

1. Teoría da demanda do consumidor. Función de utilidade. Curvas de indiferenza. Comportamento maximizador. Efecto renda e substitución. Teoría da preferencia revelada.

2. Teoría da empresa. Función de produción. Curvas isocuantas e isocustos. Comportamento maximizador. Oferta de produto. Demanda de factores.

3. O mercado en condicións de competencia perfecta. Definición de competencia perfecta. O mercado en condicións de competencia imperfecta. Monopolio. Determinación de prezos. Discriminación de prezos. Oligopolio. Equilibrio xeral.

4. Macromagnitudes agregadas básicas. Produción, renda e gasto. Contas simplificadas da nación. O cadro macroeconómico. Medición da inflación e o crecemento.

5. Determinantes e comportamento do investimento. Investimento en existencias. Investimento en equipo: o custo de uso do capital. O proceso de axuste óptimo. Determinantes e comportamento do consumo privado.

6. Demanda de diñeiro. Compoñentes. Funcións do diñeiro. Motivos para demandar diñeiro: transacción, precaución e especulación. Oferta de diñeiro. O proceso da oferta de diñeiro. O multiplicador monetario. A política monetaria.

7. Demanda agregada. A curva de demanda agregada. Propiedades. Efecto dunha expansión fiscal. Efecto dunha expansión monetaria. Oferta agregada. O mercado de traballo. Fundamentos microeconómicos. Racionamento. Rixidez de prezos.

8. Modelos de determinación da renda nunha economía pechada. O modelo clásico. O modelo keynesiano. A nova macroeconomía clásica: expectativa racional e valeirado continuo dos mercados.

9. A inflación e o desemprego. Expectativas. Clases e efectos. Estratexias para reducir a inflación.

10. A balanza de pagamentos e o tipo de cambio. Definición de balanza de pagamentos. Réximes cambiarios: sistema de cambios fixos e flexibles. Referencia ao sistema monetario europeo. Balanza de pagamentos e cantidade de diñeiro. Estabilización.

11. Determinación da renda nunha economía aberta con tipos de cambio fixos. Determinación do volume de produción e do tipo de xuros. Política fiscal e monetaria. Resposta a «shocks» externos: sincronía cíclica e diferenciais de xuros.

12. Determinación da renda nunha economía aberta con tipos de cambio flexibles. Determinación do volume de produción e do tipo de xuro. Política fiscal e monetaria. Resposta a «shocks» externos: sincronía cíclica e diferenciais de xuro.

13. A política fiscal. A política monetaria. Outras políticas económicas.

14. O crecemento económico. Factores. A política de estabilización. A política de redistribución e a política de desenvolvemento económico.

15. Factores determinantes do comercio internacional: custos comparativos e demanda recíproca. Tecnoloxía e dotación de recursos.

16. O equilibrio externo e interno. Problemas xerais. Políticas de desviación e redución do gasto. Outras políticas.

17. A planificación económica. Modelos guiados por prezos e por cantidades. Problemas de aplicación da planificación. Información. Incentivos.

18. A actividade económica. A actividade financeira: concepto, caracteres e efectos.

19. A Facenda pública: funcións, instrumentos e medios. A facenda pública supranacional.

20. O suxeito da actividade financeira do sector público: características. A actividade financeira descentralizada.

21. O dereito tributario: concepto e contido. Fontes. Os principios do ordenamento tributario español.

22. A Lei xeral tributaria. Harmonización fiscal comunitaria. Aplicación e interpretación das normas tributarias. Ámbito temporal e ámbito espacial. A fraude de lei. Normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

23. Os ingresos públicos: concepto e clases. Efectos económicos. Taxas e prezos públicos.

24. O imposto: concepto, clases, principios e efectos. Os impostos directos: concepto, caracteres e clases. Impostos indirectos: concepto, caracteres e clases.

25. A Seguridade Social: características económicas. Financiamento.

II. Xestión orzamentaria pública e economía da empresa.

26. O gasto público: concepto, natureza e clases. A incidencia do gasto público.

27. A Administración financeira: A súa organización. Órganos de orzamentacións. Órganos de execución orzamentaria. Órganos de control.

28. O orzamento: concepto e contido. Os principios clásicos do orzamento e a súa crise. Os fins do orzamento. A súa evolución.

29. O réxime económico e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia. O orzamento: elaboración, tramitación e aprobación.

30. Clasificación dos gastos públicos: efectos limitativos.

31. As técnicas orzamentarias. O orzamento administrativo. O orzamento por programas. O orzamento base cero.

32. Procedemento de pagamento. O pagamento directo polo tesouro público. Pagamentos a través de habilitados: anticipos de caixa fixa e pagamentos que se van xustificar.

33. Xestión dos gastos de persoal: retribucións dos empregados públicos. Devengo e liquidación. Os gastos de clases pasivas.

34. Xestión dos gastos contractuais: tipos de contratos. Autorización e compromiso de gastos contractuales. Recoñecemento da obriga. Pagamento. Control dos gastos contractuais.

35. Xestión dos gastos de transferencias. As subvencións: procedemento de concesión. O recoñecemento da obriga e o pagamento das subvenciones: reintegro e control.

36. A contabilidade nacional: contido, ámbito, estrutura e caracteres.

37. O Plan xeral de contabilidade pública. Ámbito e estrutura. Obxectivos. Criterios de valoración.

38. O control orzamentario. Clases de control. A contabilidade como medio de control. Sistema contable da Administración do Estado.

39. Liquidación do orzamento e rendición de contas.

40. O déficit público: causas e efectos. O financiamento do déficit público.

41. O Tesouro público. A débeda pública: clases. A xestión da débeda pública.

42. A empresa e o seu marco institucional. A empresa e o mercado. A demanda. O empresario. O contorno: estratexias e límites.

43. O investimento: concepto e clases. Selección de investimentos.

44. As fontes de financiamento da empresa. O financiamento interno ou autofinanciamento. A amortización. O financiamento externo da empresa.

45. A valoración externa da empresa. Valor matemático ou rendible. Valor de liquidación, valor de reposición, valor substancial, valor bursátil e valor de rendemento da empresa. O concepto de «goodwill». Métodos para determinar o valor global da empresa.

46. A dimensión da empresa. Criterios e teorías delimitadores do tamaño. O crecemento da empresa. Estratexias de crecemento.

47. A información económico-financeira e os estados contables. Análise de balances e normalización contable.

48. A sociedade anónima. Outras sociedades mercantís.

49. A empresa pública: obxectivos. Efectos macroeconómicos. Características fundamentais da súa xestión. O sistema de control. O financiamento da empresa pública. A estrutura financeira.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

ANEXO III

NOTA: ANTES DE CUBRIR OS DATOS, LEA AS INSTRUCIÓNS
SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESOS SELECTIVOS
DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

ACCESO LIBRE

CONVOCATORIA

CORPO SUPERIOR	GRUPO A
--------------------------	-------------------

DATOS PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN

NÚMERO DA SOLICITUDE

COTA DISCAPACITADOS	SI <input type="checkbox"/>
---------------------	-----------------------------

DATA DOG			NÚMERO DOG
Día	Mes	Ano	

PORCENTAXE	%
TIPO DE ADAPTACIÓN SOLICITADA	

OPCION	<input type="checkbox"/> XURÍDICA
	<input type="checkbox"/> ECONÓMICA

DATOS PERSOAIS

DNI	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO	CONCELLO	
TELÉFONO CON PREFIXO	ENDEREZO, RÚA, PRAZA, NÚMERO		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	NACIONALIDADE

O asinante desta solicitude declara que son certos os datos que figuran nela e que reúne os requisitos exixidos na convocatoria deste proceso selectivo e comprométese a presentar a correspondente documentación acreditativa.

En de de 2008

SINATURA

DATOS PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN

De conformidade cos requirimentos da convocatoria: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Causa/s: <input type="text"/>
Achégase certificado discapacidade: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

(Selo de registro)

Dirección Xeral da Función Pública
Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza
Edificio administrativo San Caetano, 1-2º
15771 Santiago de Compostela
A Coruña.

INSTRUCIÓNS PARA O/A INTERESADO/A

- INSTRUCIÓNS XERAIS
 - Escriba soamente a máquina ou con bolígrafo sobre superficie dura, empregando maiúsculas de tipo imprenta.
 - Asegúrese de que os datos resultan claramente lexibles en todo os exemplares.
 - Evite dobrar o papel e realizar correccións, emendas ou riscadas.
 - Non escriba nos espazos sombreados ou reservados.
 - Non esqueza asinar o impreso.
 - Non esqueza achegar o impreso de autoliquidación de taxas debidamente cuberto e selado pola entidade bancaria.
 - Non esqueza xuntar fotocopia do seu DNI ou documentación acreditativa, segundo a base I.3.1 da convocatoria
- Non esqueza xuntar copia cotexada da cualificación da minusvalidez, de ser o caso

ANEXO III

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
Lei 6/2003, do 9 de decembro
Decreto 61/2005, do 7 de abril
AUTO Liquidación

Modelo A
EUROS

A:

Códigos: 0 4
1 3
0 1

Consellería de Código: 0 4
Delegación de Código: 1 3
Servizo de Código: 0 1

Taxa: denominación: inscrición no proceso selectivo para o ingreso no corpo
.....superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A) ... Código: 3 0 0 3 0 0

NIF		APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	
VIA PÚBLICA	NÚMERO	ESCALA	PISO
CONCELLO	PROVINCIA	PORTA	TELEFONO
		CÓDIGO POSTAL	

BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES	IMPORTE PARA INGRESAR
	TOTAL € 39,16

LIQUIDACIÓN

..... de de 20.....
 Signatura do declarante ou representante legal

Seio Data Número

IMPORTANTE: o ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.

ANEXO V

D./Dña..., con domicilio en..., con DNI/pasaporte..., declara baixo xuramento ou promete, para efectos de ser nomeado funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, que non se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de ..., nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En....., de..... de 2007.

Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A).

De conformidade co establecido no Decreto 65/2007, do 12 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 (*Diario Oficial de Galicia* nº 72, do 13 de abril), e o Decreto 210/2007, do 31 de outubro, polo que se amplían prazas da oferta de emprego público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, aprobada polo Decreto 65/2007, do 12 de abril (DOG nº 219, do 13 de novembro), esta consellería, no uso das competencias

que lle atribúe a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Convocar proceso selectivo para o ingreso nas escalas sinaladas no anexo I-A do corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura das distintas prazas do corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia, polos sistemas de promoción interna e de acceso libre, polo procedemento de concurso-oposición, correspondentes ás escalas que figuran no anexo I-A.

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e outra fase de concurso.

O corpo superior, de conformidade coa disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, é equivalente ao subgrupo A1.

I.1.1. O número total de vacantes reservadas ao sistema de promoción interna ascende ao 25% do total das vacantes, distribuídas da forma a que se refire o anexo I-A.

O número total de vacantes reservadas ao sistema de acceso libre distribúense de xeito recollido no anexo I-A.